

SÁBADO, 15 DE OUTUBRO

Ás **11.00 h.** Disparo de potentes bombas e volteo das campás maiores da S.I. Catedral Basílica, anunciando o comezo das Feiras e Festas **"As San Lucas 2011"**.

Ás **11.30 h.** Recepción oficial na Casa do Concello á Corporación Municipal, Autoridades, Pregoeiro, Comisión de Festas e Raíña e as súas Damas de Honra e San Luqueiro.

Ás **11.45 h.** **Ofrenda Floral** ante a tumba do **Escritor Álvaro Cunqueiro** con motivo do centenario do seu nacemento. O grupo de Gaitas **"Aires do Padornelo"** interpretará o Himno Galego.

A continuación a comitiva e carroza das San Luqueiras partirá cara ó Auditorio Municipal Pascual Veiga acompañados polos Xigantes e Cabezudos e o Grupo de Gaitas **"Aires do Padornelo"** de Mondoñedo onde terá lugar ás **12.30 horas** o **PREGÓN** das Festas a cargo de **D. José María Barja Pérez**. Nado en Mondoñedo e Reitor da Universidade de A Coruña. De seguido e como remate, actuación do **CORO MESTRE PACHECO** da Escola Municipal de Música "O Pallarego" de Mondoñedo.

Ás **14.00 h.** Sesión Vermú na Alameda dos Remedios a cargo do grupo **MASTER**.

Ás **16.30 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense **"MANCA NA CHEDA"**.

Ás **17.00 h.** **Demostración de xogos e deportes tradicionais Asturianos.** Haberá exhibicións de "corta de troncos con brosa (hachu) e con tronzón, carreira de leiteiras (lecheras), corta de troncos en altura e corta vertical, e esculturas con motoserra". Campo dos Paxariños.

Ás **18.00 h.** Pasarrúas a cargo do grupo de Gaitas **"Aires do Padornelo"** de Mondoñedo.

Á partir das **20.00 h.** **CIRCUITO DE CANTOS TABERNARIOS.** A cargo da **Gaitaescuela de Masma.** Acto organizado pola Vicepresidencia Primeira da Deputación, Cultura, Centro Galego de Música Popular e Concello de Mondoñedo.

Ás **21.30 h.** Lanzamento de potentes bombas que anunciarán a verbena na Alameda amenizada polo grupo **MASTER e ORQUESTA DA TELEVISIÓN.**

DOMINGO, 16 DE OUTUBRO

Ás **10.30 h.** Disparo de potentes bombas que dan comezo á xornada festiva.

Ás **12.00 h.** Pasarrúas a cargo do grupo de Gaitas **"Aires do Padornelo"** de Mondoñedo.

Ás **12.00 h.** Apertura da inscrición para o **CONCURSO MORFOLÓXICO DE CABALOS E EGUAS DE PURA RAZA GALEGA: "GRAN FINAL DA COPA GALICIA P.R.G."**. (Cabalos e Eguas de Pura Raza Galega). Coa colaboración da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. Campo dos Paxariños.

Ás **12.30 h.** **Concurso Morfolóxico de Cabalos de Pura Raza**

Galega, Sección Sementais maiores de 3 anos.

Premios: 1º-120€; 2º-70€; 3º-50€; 4º-30€; 5º-30€; máis medalla para todos e escarapela para os 3 primeiros.

Ás **13.00 h.** **Concurso Morfolóxico de Cabalos de Pura Raza Galega, Sección Eguas maiores de 3 anos.**

Premios: 1º-120€; 2º-70€; 3º-50€; 4º-30€; 5º-30€; máis medalla para todos e escarapela para os 3 primeiros.

Ás **13.45 h.** Entrega de premios do concurso.

Entrega do Trofeo Institucional "Gran Premio da Excm. Deputación de Lugo. Vicepresidencia primeira".

A Asociación Pura Raza Cabalo Galego, donará como recoñecemento o esforzo dos gandeiros criadores do Cabalo Galego e "Campións Absolutos" a cantidade de 1.000 euros, correspondendo o Campión Galego da Sección de Sementais un premio ESPECIAL dotado con 600 EUROS e na Sección de Eguas un premio ESPECIAL dotado con 400 EUROS. (Sendo obrigatorio para acadar estes premios o ter participado como mínimo en tres probas puntuables para a "Copa Galicia P.R.G." ó longo do ano organizados pola Asociación Pura Raza Cabalo Galego).

Ás **13.00 h.** Actuación da **Banda de Música. Amigos e Amigas da Banda de Burela.** Praza da Catedral. Patrocinado pola Área de Cultura da Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo. En caso de choiva actuarán nos soportais da Catedral.

Ás **14.00 h.** Fin do acto de entrega de premios.

Ás **14.00 h.** Sesión Vermú a cargo da orquestra **ALARMA.**

Ás **17.30 h.** Actuación da Agrupación **"ARCO DA VELLA"**. Dará comezo cunha actuación na Praza da Catedral, logo farán un pasarrúas ata chegar a Praza do Concello onde farán outra actuación de baile e xa para rematar subirán ata a Alameda dos Remedios onde rematarán con outra actuación.

Ás **18.00 h.** Exhibición de **DOMA DE ALTA ESCOLA en rendas longas e traballos de doma en liberdade con CABALOS DE PURA RAZA GALEGA** a cargo da sección de doma da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. Campo dos Paxariños

Ás **19.30 h.** **TEATRO INFANTIL.** "A BARBERÍA DO PALLAREGO" Interpretado polo grupo infantil "érase unha vez..... de Mondoñedo. Para todos os públicos. Auditorio Municipal Pascual Veiga.

Ás **21.00 h.** **CONTACTOS.** Co espectáculo **"CONTOS COAS MANS ABERTAS"** a cargo da Compañía **"A tropa de Trapo"**. Será con música en directo e vai dirixido a adultos e adolescentes. Casa da Xuventude. Organizado polo fondo galego de cooperación e solidariedade.

Ás **21.30 h.** Dará comezo a festa verbena amenizada polas Orquestras **ALARMA E SINTONÍA DE VIGO**

LUNS, 17 DE OUTUBRO (Día das Vésperas)

Ás **10.00 h.** Disparo de potentes bombas que dan comezo á xornada festiva.

Ás **12.00 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense **"MANCA NA CHEDA"**.

Ás **14.00 h.** Sesión Vermú a cargo do grupo **TRIUNFO.**

Ás **16.30 h.** **XOGOS EN GRUPO.** Recuperación de xogos de rúa antigos. Praza da Catedral. Organizado pola Delegación de Deportes do Concello.

Ás **16.30 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense **"MANCA NA CHEDA"**.

Ás **19.00 h.** **CHEGADA TRADICIONAL DE CABALOS Á FEIRA.** Preferentes lugares para ver o espectáculo: Ponte do Pasatempo, Os Muíños, Praza da Catedral, diante do Auditorio Municipal e chegada ó Campo dos Paxariños.

Ás **20.30 h.** **CONCERTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "O PALLAREGO"** coas actuacións da Banda Municipal, a Orquestra, o Grupo Tradicional, e o Coro "Mestre Pacheco". Auditorio Municipal.

Ás **21.30 h.** Dará comezo a festa verbena amenizada polo grupo **TRIUNFO** e pola Orquestra **PHILADELPHIA.**

MARTES, 18 DE OUTUBRO

Día de "as san Lucas" - Día de Ferrol

Ás **10.30 h.** Disparo de potentes bombas que dan comezo á xornada festiva.

Á partir das **8.30 h.** **"GRAN FEIRA TRADICIONAL DE GANDO CABALAR AS SAN LUCAS"**. Campo dos paxariños

Ás **11.00 h.** Chegada das San Luqueiras e San Luqueiro das Festas, ó recinto da **FEIRA CABALAR** tradicional acompañada do grupo de gaitas **"AIRES DO PADORNELO"**.

Ás **11.30 h.** Pasarrúas a cargo do Grupo de Gaitas **"AIRES DO PADORNELO"**.

Ás **12.30 h.** Recepción oficial no Salón de Plenos da Casa do Concello á Corporación do Excmo. Concello de Ferrol con motivo do Acto de Irmanamento.

Ás **13.30 h.** **ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE GANDO** no Campo da Feira.

Este día contaremos coa actuación do **O HOME ORQUESTRA ZÉ PANTASMA** durante toda a xornada. Acto organizado pola Vicepresidencia Primeira da Deputación, Cultura, Centro galego de música popular e Concello de Mondoñedo.

Ás **14.00 h.** Sesión Vermú a cargo da **ORQUESTRA ABANICO.**

Ás **16.00 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense **"MANCA NA CHEDA"**.

De **16.30 a 19.00 h.** **3x3 de baloncesto.** Polideportivo Municipal. Organizado pola Delegación de Deportes do Concello.

Ás **17.00 h.** Apertura das inscricións para as carreiras de andadura galega serrada e chapeada. Recinto da Granxa.

Ás **17.30 h.** **CONCURSO DE ANDADURA GALEGA (LIBRE) nas modalidades Serrada e Chapeada.** (non poderán participar trotóns). Pista de terra. Recinto da granxa.

Concurso de **ANDADURA GALEGA** na modalidades de **SERRADA** (dous tempos).

Concurso de **ANDADURA GALEGA** na modalidades de **CHAPEADA** (catro tempos).

Premios: 1º- 100€; 2º- 60€; 3º- 40€; 4º- 30€ para cada modalidade e medalla.

As **18.45 h.** Entrega de premios e trofeos do Concurso de Andadura no recinto da granxa. Imprescindible presentarse co cabalo.

As **21.30 h.** Dará comezo a festa verbena amenizada polas Orquestras **ABANICO E PALLADIUM**.

mÉRCORES, 19 DE OUTUBRO (Día do Medio)

As **10.30 h.** Disparo de potentes bombas que dan comezo á xornada festiva.

As **12.00 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense "**MANCA NA CHEDA**".

As **12.30 h.** No Centro Comarcal (antigo cuartel da Garda Civil) a Asociación "**Amigos de la Ciudad de Mondoñedo**" presenta os libros: "**Franceses en Mondoñedo 1809**" (Xosé Ruíz Leivas); "**Antes que a Alborada chegue**" (Luciano do Monfadal) e "**Os de Sempre**" († Cayetano González García).

As **14.00 h.** Sesión Vermú a cargo da Orquestra **SAMBA**.

As **16.30 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense "**MANCA NA CHEDA**".

As **17.00 h.** A compañía **MIRCROMINA TITERES**. Actuará co espectáculo "**VACACIONS NO MAR**". Casa da Xuventude

As **17.30 h.** Apertura das inscricións para o "**I CONCURSO DE CABALOS DE ARRASTRE- AS SAN LUCAS**".

As **18.00 h.** Comezo do concurso de Arrastre.

1º premio: 120€, 2º 100€, 3º 60€, 4º 50€ mais medalla.

As **18.00 h.** **Talleres Infantís.** Casa da Xuventude Organizado pola Oficina Municipal de Información Xuvenil.

As **18.00 h.** **Olimpiadas de habilidades.** Casa da Xuventude. Organizado pola Delegación de Deportes do Concello.

As **21.30 h.** Dará comezo a festa verbena amenizada polas Orquestras **SAMBA E PANORAMA**.

XOVES, 20 DE OUTUBRO (Día das Maulas)

As **10.00 h.** Disparo de potentes bombas que dan comezo á xornada festiva.

As **12.00 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense "**MANCA NA CHEDA**".

As **14.00 h.** Sesión Vermú a cargo do **Grupo TEKILA**.

As **16.30 h.** Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense "**MANCA NA CHEDA**".

As **22.00 h.** Remate das feiras e festas coa verbena amenizada polo **Grupo TEKILA**.

*A Comisión de
"As San Lucas 2011",
agradece a súa COLABORACIÓN
e deséxalles ¡Felices Festas!*

ORGANIZA:



EXCMO. CONCELLO
DE MONDOÑEDO

COLABORAN:



Asociación Cultural
"As San Lucas"



ASOCIACIÓN XUVENIL XOLDRA
MONDOÑEDO



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Deporte



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

as San Lucas mondoñedo

dende 1.156
DECLARADAS DE INTERESE
TURÍSTICO NACIONAL



DO 15 O 20
OUTUBRO 2011